

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS (FPNS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS RÍO HORTEGA, CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA DA CORUÑA (INIBIC), A TRAVÉS DA FPNS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA AES 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Profesor Novoa Santos (FPNS) formalizaron o 29/1/20 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterase vixente durante os dous anos que dura o prazo de execución da actividade a partires da data de incorporación dos adxudicatarios.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a formalización dos contratos “Río Horteiga”, concedidos ao INIBIC a través da FPNS ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2019 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2017-2020, do Programa Estatal de Investigación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020, na súa resolución de data 25 de novembro de 2019.

A FPNS realizará a achega económica ao Servizo Galego de Saúde, (Hospital Universitario de A Coruña) do importe concedido, isto é, 80.598,00 euros anuais, durante dous anos.

O Servizo Galego de Saúde (a través do Hospital Universitario de A Coruña) comprométese a realizar, cos fondos achegados por INIBIC, a través da FPNS, a xestión do contrato co candidato seleccionado, que deberá estar asinado antes do 31 de xaneiro do 2020.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo